



**Federación Galega
de Caza**

Gabinete de Comunicación



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Indignación na Federación Galega de Caza ante a nova solta de visóns

Santiago, 19 de outubro. - Ante a sabotaxe ás granxas de visóns, no municipio coruñés de Abegondo, a Federación Galega de Caza condena este novo atentado ambiental ao soltar no medio especies alóctonas con consecuencias imprevisibles cara a fauna autóctona. As granxas de visóns son unha propiedade privada, que exerce unha actividade económica legal, polo que unha sociedade desenrolada e un estado de dereito non debería consentir de forma impune este tipo de actuacións que exercen uns cantos.

O ordeamento xurídico conta cos cauces necesarios para exercer o dereito de crítica, incluso de actividades legais, pero nunca debería permitir que unha idea se impoña pola forza de uns poucos, e menos lesionar os bens de persoas mediante feitos presuntamente delictivos e con consecuencias ecolóxicas moi graves.

A Federación Galega de Caza e as sociedades de caza da zona puxéronse a disposición das autoridades para colaborar na recuperación dos animais tratando de previr futuros danos.

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 – 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>